

LIBROS

En Esperante

Con esta escolma de relatos que nos ofrece Xesús Manuel Marcos, *Esperante* súmase á relación de lugares míticos que poboan a nosa xeografía literaria. Un espazo mítico que xa tiña vida nos nosas letras desde 1997 e que é a antítese de calquera lugar paradisíaco. *Esperante*, vila con nome de espera silandeira, é terra abandonada, reino da desolación. Unha derradeira boquexada, o lugar perfecto para que a forza do vento arrinque calquera pegada e para morrer definitivamente nas lembranzas. A imaxe deste trasunto mítico do noso mundo rural que esmorece día a día, queda perfectamente reflectida no autobús do relato “A noite do arame”, que fai diariamente o traxecto ata *Esperante* sen ningún pasaxeiro, percorrendo o condutor só o camiño. Metáfora pois da soidade que envolve ás moradas da vila e aos seus moradores, presentados case que sempre nos intres da súa derrota.

Neste espazo de baleiro e soidade sitúa X. M. Marcos os nove relatos de *Fonte de Esperante*, relatos xa premiados en certames de prestixio pero de pouca proxección divulgadora e que son agora editados, e nalgúns casos reeditados, por Xerais ao abeiro publicitario do Premio Merlín, acadado polo autor no ano 2004. Relatos, porén, coa suficiente calidade, malia a súa desigual feitura e resolución, como para seren merecedores de edición pola súa valía intrínseca, á marxe doutras consideracións paraliterarias.

Todo acontece no ambiente á vez abafante e decadente de *Esperante* e o autor é quen de transmitilo nestes nove relatos autónomos, soamente entrelaza-

Territorio de perdedores

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS



dos dous deles polo feito de compartiren personaxes e medo á represión franquista. Nas casas de *Esperante*, que moi pronto renderán o derradeiro suspiro, os aliados solitarios do primeiro relato danlle o derradeiro adeus a Amalia, a fermosa muller ceibe porque se entregaba a quen a quixer. Polas terras de *Esperante* vexetan seres que só senten os dentes do cansazo nas costas. *Esperante* é tamén territorio de fuxidos que se agachan da represión na escuridade do sumidoiro entre pínegas e friaxe, sabendo que teñen a partida perdida. E de mulleres infieis que manteñen consortes folgazáns, venden o seu corpo para fuxiren da miseria ata que a morte, vestida de cocemento de pirixel, entra nos seus corpos polo oco da vida. E un dos corpos máis fermosos da vila experimenta as consecuencias do paso do tempo, é

vencido polo cancro e recupera os seus anos de rapaza e moza e olla desde a súa pupila morta. A trama do último relato da escolma, “Remol de descontentos”, sen dúbida, un dos máis logrados, dá fe de que *Esperante* está habitada por perdedores. A protagonista primeiro perde un ollo, logo o mozo mouro que escolle a súa irmá. Finalmente dorme coas únicas inxedanzas da súa soidade. Pero máis alá da historia que o relato conta, latexa a pregunta polo sentido da vida para a que nunca chegarán as respostas.

Relatos de frío e febre, morte e fermosura nos que as mulleres cobran un especial protagonismo. Son mulleres que agardan e agardan nunha espera sen tempo, reciben resignadas os seus mortos e paren en soidade os seus fillos. Neste contexto decadente o autor cicela con eficacia aquilo que é a esencia do conto: a tensión narrativa que o é moito máis cando se consegue encerrar en poucas páxinas. Dominio do ritmo e da arquitectura do relato, aínda que con desigual fortuna, como xa dixemos, sobre todo pola dispar riqueza das tramas. Eficiente emprego, na maioría dos relatos, dunha técnica pouco habitual consistente no feito do diálogo entre un eu e un ti, teoricamente ausente, pero que cobra vida no conto e coa que o autor acada insospeitados matices, entre eles, a identificación dos personaxes co medio ruinoso no que viven. Unha lingua, por veces forte e vizosa, non exenta de acenos ultrarrealistas, veste estes nove relatos nos que a derrota é o grande protagonista.

MARCOS, Xesús Manuel Marcos, *Fonte de Esperante*, Ed. Xerais, Vigo, 2005, 115 páxinas

RELATOS DE FRÍO E DE
FEBRE, MORTE E
FERMOSURA NOS QUE AS
MULLERES COBRAN UN
ESPECIAL PROTAGONISMO